



PROXECTO DE FOMENTO DO USO DO GALEGO

EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

IES RAMÓN MENÉNDEZ PIDAL

CURSO 2022-2023



IES RAMÓN MENÉNDEZ PIDAL
"Zalaeta"



Índice

1. *Introdución e características xerais do Proxecto de fomento do uso do galego do IES Ramón Menéndez Pidal*
2. *Compoñentes do EDLG do IES Menéndez Pidal: Integrantes do EDLG*
 - 2.1. Persoal docente e non docente
 - 2.2. Alumnado
3. *Obxectivos do proxecto de fomento de uso do galego*
 - 3.1. Obxectivos de dinamización lingüística
 - 3.1.1. Obxectivos Xerais
 - 3.1.2. Obxectivos específicos
4. *Medidas tendentes á consecución dos obxectivos previstos*
5. *Estudo sociolingüístico*
 - 5.1. *Introdución do contorno sociolingüístico do centro*
 - 5.1.1. *Contorna sociolingüística*
 - 5.1.1.2. *Contorna sociolingüística do centro*
 - 5.1.1.3. *Situación lingüística do centro*
 - 5.2. *Situación do profesorado*
 - 5.3. *Situación do alumnado*
6. *Actividades que se desenvolverán este curso*
 - 6.1. *Introdución ás Actividades deste curso 2022-2023*
 - 6.2. *Cadro de actividades*



7. Conclusión

EDLG

IES RAMÓN MENÉNDEZ PIDAL "Zalaeta"

1. **Introdución. Características xerais do Proxecto de fomento do uso do galego do IES Ramón Menéndez Pidal:**

Esta programación do Equipo de Dinamización da Lingua Galega do IES Ramón Menéndez Pidal pretende ser unha planificación flexible das iniciativas que dende o EDLG se intentan levar a cabo neste curso 2022-2023. Falamos de planificación flexible porque consideramos importante deixar certas marxes de actuación nesta programación para poder engadir aquelas actividades que vaian xurdindo puntualmente ao longo do curso que se poidan realizar ou para poder eliminar aquelas outras que, polos motivos que sexan, non se saiba con certeza nestes momentos que se poidan desenvolver.

A maiores da flexibilidade, consideramos importante facer fincapé na creatividade. O noso propósito, de igual xeito que nos dous cursos anteriores, é o de organizar actividades que sexan creativas, interdisciplinares, ..., e aquelas que axuden ao alumnado en cuestións de convivencia promocionando a lingua galega. Pretendemos que sexa unha continuidade dos cursos anteriores procurando integrar, na medida do posible, as nosas actividades na vida do centro e colaborando coa interdisciplinariedade e todos os departamentos de xeito que camiñemos nas mesmas liñas de actuación para compartir experiencias e actividades integradoras que fagan que traballemos todo o centro en equipo. Cómpre ter en conta, ou así consideramos, que o noso equipo axuda a fortalecer a vida do noso idioma, o galego, e que pode colaborar en calquera ámbito e eido, xa que a lingua é un medio de comunicación que, como tal, pode utilizarse para falar de calquera tema e para expresarse en calquera eido. Ademais estamos a darlle moita importancia ao aspecto de convivencia, xa que as actividades do noso equipo pretenden ofrecer sempre unha axuda para promociionar a lingua galega nas novas tecnoloxías sen deixar de lado os aspectos humanos, de convivencia e lúdicos que xeran lazos de unión entre as persoas.



2. Compoñentes do EDLG do IES Menéndez Pidal: Integrantes do EDLG.

Neste curso, 2022-2023, formamos parte do equipo 9 persoas do persoal docente, unha do persoal non docente e a isto hai que engadirlle ademais o alumnado que o integra. Neste curso por cuestións de carga de traballo, cuestións persoais ou por non estar no centro, houbo persoal docente que estaba o curso pasado e que este non pode formar parte do equipo. Procurouse que estivesen representados todos os grupos que compoñen a comunidade educativa (profesorado, alumnado e persoal non docente). O actual EDLG está integrado, deste xeito, por:

2.1. PERSOAL DOCENTE E NON DOCENTE

Ana Regueira Rodríguez (profesora de Xeografía e Historia)

Begoña Iglesias Cao (profesora de Ciclos formativos)

María Dolores Vilariño Suárez (profesora de lingua e Literatura galega)

María Pilar Sánchez Iglesias (profesora do Departamento de Relixión)

Nuria Pérez Castelo (profesora de Ciclos formativos)

Henrique Rabuñal Corgo (profesor do Departamento de Lingua Galega e Literatura)

Roberto Gayoso Nieto (Persoal non docente, ata a 1ª avaliación),

Incorpórase Esther Lourés Romero na 2ª avaliación (Persoal non docente).

María Josefa Castro López (coordinadora do Equipo de dinamización lingüística e profesora de Lingua e literatura galega)

2.2. ALUMNADO

Contamos co alumnado que formou parte do equipo o curso anterior e persoas de nova incorporación, as que non seguen no equipo é porque non están no centro. A coordinadora reúne-se durante todo o curso co alumnado do centro en dous recreos durante a semana para realizar actividades relacionadas co Equipo de Dinamización da Lingua Galega e procurará reunirse unha vez ao mes co alumnado do equipo e sempre que haxa actividades que impliquen a colaboración deste alumnado, intentará darlles avisos ... En canto ao



persoal docente e persoal de servizos que o integra reúnese, salvo que haxa ademais reunións extraordinarias, unha vez ao mes.

O alumnado que forma parte do equipo é:

Carlota Alvite Lourido (1º ESO A)

Sebastián Bonilla Álvarez (1º ESO B)

Juan Gil Lago (1º ESO A)

Lucía Poncela González (1º ESO C)

Marco Rodríguez Papaleo (1º ESO D)

Laura Aradas Martínez (2º ESO E)

Antía Graciela Arce Peña (2º ESO D)

Xoana Balirac Calvo (2º ESO D)

Violeta Barcia Romay (2º ESO D)

Violeta Barcia Romay (2º ESO E)

Alan Barros Gonchorosky (2º ESO A)

Carolina Basanta Méndez (2º ESO D)

Saída Bueno Fernández del Campo (2º ESO D)

Arantxa Calvete Eirís (2º ESO A)

Amara Carril López (2º ESO E)

África Cebey Núñez (2º ESO A)

Alba Eiroa Seoane (2º ESO E)

Carlota Fernández Gómez (2º ESO A)

Adrián Fernández Suárez (2º ESO C)

Sofía Fernández Brage (2º ESO D)

Nuno Garcia Pena (2º ESO C)



Noelia Anais Lara Criollo (2º ESO D)

Sabela Lariño Lourido (2º ESO E)

Óscar Lires Crecido (2º ESO D)

Orestes López Fernández (2º ESO A)

Leo Sánchez Muñoz (2º ESO D)

Lola Vázquez Cortés (2º ESO D)

David Abuín Carballo (3º ESO A)

Rodrigo Atienza Martínez (3º ESO D)

Xiana Souto Regueiro (4º ESO C)

Brian Blanco Gómez (4º ESO C)

Nicolás Sánchez Pazos (4º ESO B)

Lucía Oreiro Vázquez (4º ESO B)

Noa Villaverde García (1º Bacharelato C)

Carla Varela Coto (2º de Bacharelato Humanidades e Ciencias A)

3. Obxectivos do proxecto de fomento de uso do galego. Obxectivos de dinamización lingüística

3.1. Obxectivos de dinamización lingüística:

3.1.1. Obxectivos Xerais

O noso idioma precisa de coidados e, por iso, desde o EDLG do IES Ramón Menéndez Pidal queremos traballar a prol de actividades que engadan eses coidados e que sementen nas novas xeracións o alicerce indispensable para que este sistema de signos, utilizado como código lingüístico nas relacións entre o persoal do centro na maior parte das ocasións (profesorado, alumnado e as familias cando se dirixen ao centro tamén o fan, na grande



maioría, nesta lingua), poida seguir con saúde. Partimos de que a lingua de identidade, eminentemente maioritaria, non é o galego e que o alumnado, na súa maioría, non é galegofalante, é certo que está en proceso de revisión o PLC (Proxecto Lingüístico de Centro), e este documento fará que se poida establecer unha comparativa cos anteriores e observar desde os resultados a situación da lingua (realizáronse enquisa desde o EDLG que se entregaron para a colaboración co PLC), co cal, tendo isto en conta propoñemos os obxectivos xerais e específicos.

Os nosos obxectivos xerais son, pois, na liña dos cursos anteriores, os seguintes:

1. Incrementar o nivel de uso oral do galego entre o alumnado e o profesorado e intentar que quen fale e use o galego o siga facendo, que siga crendo na súa lingua e en que é unha lingua de comunicación válida para o uso en todos os ámbitos, sempre desbotando prexuízos.
2. Intentar que o alumnado que é galego falante desbote os prexuízos que poida ter de cara ao galego e aprenda que é unha lingua que serve de comunicación como calquera outra e en calquera ámbito facendo posible que use a lingua galega dentro dos usos comúns e cultos da lingua.
3. Conseguir que se valore de maneira positiva a nosa lingua como idioma configurador de identidade persoal e colectiva.
4. Conseguir que o alumnado e o profesorado consideren o galego como lingua de cultura.
5. Intentar acabar coa diglosia que identifica o uso da lingua galega só en determinados ámbitos e contextos sociais (normalmente os menos valorados socialmente).
6. Facer sentir á comunidade escolar que a lingua propia de Galicia permanece viva só se é vehículo de comunicación "normal" na comunidade.
7. Elevar a autoestima lingüística do alumnado a través de actividades que dignifiquen e potencien a valoración social e cultural do seu propio idioma.



8. **Promocionar a lingua galega como elemento cultural e de crecemento** e como medio que nos identifica, que nos caracteriza e que nos diferencia sempre dentro do respecto.
9. Desde o EDLG queremos ser o fío condutor para facer chegar a nosa promoción e fomento do uso da lingua galega a: alumnado; profesorado; persoal non docente; persoal afín e de mantemento do centro; persoal que colabore co centro; ANPA; asociacións (ASPRONAGA, ASPANAES están nas previsións de que se contacte con elas e que se traballe en conxunto) coas que se realicen actividades; outros centros de ensino, galegos e de fóra de Galicia; e todas aquelas entidades coas que imos contactar durante o curso, mesmo con carácter plurianual, para a realización de actividades dirixidas ao fomento na nosa contorna do uso da nosa lingua.

3.1.2. Obxectivos específicos

Os obxectivos específicos serían aqueles que se concretan en actividades; temos por obxectivos:

10. Colaborar para que o galego siga sendo **a lingua de uso** da **Administración** no centro.
11. Motivar e axudar ao **profesorado e ao alumnado no uso da lingua galega**.
12. Promocionar a lingua galega como lingua de comunicación, de prestixio e como propia.
13. Crear **hábitos de lectura e de escritura**, así como de **oralidade** en **galego** que axuden a superar as lagoas do **alumnado** nestas dúas áreas.
14. Conseguir que o **alumnado** se sinta **seguro falando en galego** en todos os ámbitos e contextos sociais.
15. **Evitar o desequilibrio existente na actualidade entre o nivel de uso oral e de uso escrito** entre alumnos e alumnas establecendo uns parámetros de **igualdade** a través da promoción coa axuda do departamento de lingua galega.
16. Conseguir un **mellor dominio da norma estándar da lingua galega**, tanto polo **persoal docente** como polo **alumnado**.



17. Procurar unha maior **proximidade** entre a **realidade cultural** do **alumnado** e a do **profesorado**.
18. **Mellorar** a **autoestima** cara á nosa lingua.
19. **Evitar** que o **alumnado** deixe de valorar a lingua como lingua de incultura e como lingua propia desprestixiada e a faga de uso habitual, se non o é, e non relegada a ámbitos concretos e máis cotiáns.
20. Conseguir que o **alumnado** coñeza mellor a súa lingua en distintos niveis e rexistros de lingua apoiándose nas distintas actividades e situacións.
21. Facer chegar ao **alumnado** toda a **información** precisa relacionada coa lingua galega: concursos en lingua galega, lexislación, información.
22. Distinguir os **niveis lingüísticos** do galego e **saber escoller o rexistro adecuado para cada contexto**.
23. **Facilitarlle** ao **alumnado** toda a **información** precisa para poder estar ao día da **actualidade** da lingua galega e do contexto lingüístico xeral.
24. **Ofrecerlle** ao **profesorado** toda a **información** precisa para manterse actualizado con respecto ao material que precisa ou demanda no tocante á lingua galega: lexislación, documentación, manuais, información ..., mesmo creando arquivos e carpetas nos ordenadores da sala de profesorado para que sexan accesibles para cada profesor/a.
25. **Relacionarse** co **contorno** a través do **idioma galego**, actualmente o vínculo máis directo e eficaz nesta comunidade.

4. Medidas tendentes á consecución dos obxectivos previstos

- a. Implicación e participación do profesorado en xeral na organización, seguimento e consecución do plano de actividades de dinamización lingüística presentadas neste proxecto.
- b. Organización flexible do alumnado colaborador para a posta en práctica das iniciativas propostas, facéndolle o acceso á colaboración doado e intentando que sexa promotor das actividades que poida (dar avisos, ...). Facer partícipe en maior medida ao alumnado que pertence ao EDLG, cada curso vai sendo maior o número de persoas que pertencen ao EDLG do centro.



- c. Solicitude á ANPA e outros axentes sociais de colaboracións puntuais. Difusión dos logros obtidos por todas as persoas a través de cantas vías se nos presenten: pantallas do centro, especialmente a da entrada do centro onde se visualiza por todo o alumnado, profesorado e persoal non docente, xa que é vía de paso común ou próxima ao paso do alumnado cara ás aulas, nos recreos...) postos e identificados coa súa autoría correspondente, gañadores/as de concursos...); publicacións; comunicacións á contorna social, sobre todo por vía telemática este curso debido ás circunstancias sanitarias (ás familias, Concello...); pequenos actos ou cerimoniais de carácter interno (entregas de premios, festivais, recitais...); e a todos os axentes e entidades ou persoas coas que teñamos contacto para a realización das actividades.
- d. Fomentar o galego no uso das tecnoloxías.
- e. Apoio da dirección e do profesorado á materialización do proxecto que o centro elaborou para o presente curso académico.
- f. Facer moi partícipe nas actividades coordinadas e promovidas polo equipo ao alumnado e profesorado do Equipo de Dinamización da Lingua Galega, un eixe para poder fomentar o galego no centro.
- g. Facer promotor ao alumnado do centro do galego na contorna do centro.

5. Estudo sociolingüístico:

5.1. Introducción do contorno sociolingüístico do centro

A lexislación lingüística e a educativa actual recoñecen o valor do ensino no proceso normalizador da lingua galega. Non só como a principal figura de ensino e espallamento da lingua propia, senón tamén como actores directos no proceso normalizador do galego. Ese recoñecemento fixo que na nosa lexislación apareza o sistema educativo como un dos elementos centrais da normalización da lingua,.

No momento actual, no que os estudos sociolingüísticos nos achegan datos desesperanzadores no tocante ao proceso de transmisión entre distintas xeracións da nosa



lingua, son os centros de ensino os que debemos coller o testemuño que deixa a familia no seu proceso normalizador.

Os institutos, a escola, ..., os centros de ensino, deben fornecerse de recursos e de programas que favorezan a nosa lingua, que acheguen ao estudantado a súa riqueza, que recoñezan a lingua galega como propia, como símbolo de identidade do noso pobo, que a valoren e coiden, ... Queremos que a lingua galega non estea acompañada de prexuízos e a reflexión do alumnado está a facer que este sexa consciente de que o galego sufriu e sofre prexuízos, este dato fai facer conscientes da importancia da lingua ás persoas.

Cómpre crear espazos de uso no mundo global no que nos movemos. Por iso queremos retomar os ESPAZOS CREATIVOS, nos RECREOS CREATIVOS, nos que o alumnado poida propor espazos de uso do galego con novas actividades que se poidan levar a cabo.

O sistema educativo non só ten o obxectivo de que as persoas aprendan a lingua, senón tamén de que a valoren e a usen na súa vida habitual. E para iso é preciso artellar un plan ben deseñado. Nun centro coma o noso, case completamente castelanizado, sendo un centro urbano, é necesario que nos baseemos nisto para crear o proxecto lingüístico de centro (PLC) (en vías de cambio). Deste plan agroma este proxecto de fomento de uso do galego.

[5.1.1. Contorna sociolingüística](#)

[5.1.1.2. Contorna sociolingüística do centro](#)

O centro pertence ao distrito 2 do Concello da Coruña. Abrangue unha zona moi ampla, na que se combinan barrio e zona centro. Neste barrio predomina o sector comercial. Ano a ano vemos incrementarse a presenza de alumnado de diferentes partes do mundo, cos consecuentes problemas de integración. Queremos coidar deste alumnado que chega e axudalo a integrarse desde o ámbito lingüístico. Observamos que nestes últimos anos o alumnado que chega de fóra de Galicia, de distintos lugares do mundo, mesmo de diferentes continentes, ten unha moi boa actitude cara á aprendizaxe da nosa lingua e amosa moito interese por coñecela e saber utilizala; estas persoas son un exemplo para o resto de



alumnado e queremos que esa boa actitude cara á nosa lingua das persoas estranxeiras repercuta de maneira positiva no resto do alumnado.

No aspecto oral queremos centrar moito a nosa atención porque se observa unha eiva no centro de alumnado que fale en galego e coidar o que xa é galegofalante.

En xeral a transmisión xeracional da lingua viuse interrompida nos últimos anos, chegando a ser considerada residual ou anecdótica. Por iso o curso pasado insistiamos en realizar algunha actividade coas xeracións de avós e avoas e, de ser posible, este curso intentarase que dalgún xeito as xeracións anteriores participen nalgunha actividade do EDLG coa finalidade de que sirvan de exemplo ás xeracións posteriores. Aínda así, temos que recoñecer que non existe unha actitude hostil fronte á lingua, en xeral, no centro, entre o alumnado.

Este curso colaboraremos coa Biblioteca, nos recreos creativos e co Departamento de Filosofía do centro nun proxecto de LECTURAS COMPARTIDAS con outros centros, para fomentar o galego, na contorna, e colaborar no aspecto antropolóxico da zona e co 50 aniversario do centro na medida do posible.

5.1.1.3. Situación lingüística do centro

Ambas as dúas linguas, galego e castelán, están presentes no centro por parte do persoal docente, o alumnado na súa maioría fala o castelán.

Emprégase o galego nas tarefas administrativas e na correspondencia oficial.

5.2. Situación do profesorado

Emprégase a lingua galega naquelas materias que así o recolle a lei. Polo que por imperativo legal hai unha presenza maior do galego que no resto dos actos comunicativos.

É certo que nos últimos cursos a interacción oral está a ser en galego entre o profesorado, en grande medida, en trazos xerais.

5.3. Situación do alumnado:



Alumnado

Hai que establecer diferenza en canto ao uso da lingua entre o alumnado de ESO e de Bacharelato e o alumnado de Ciclos formativos.

ESO, Bacharelato

Mayoritariamente procede do distrito 2, ao que pertence o centro. A maior parte do alumnado emprega case en exclusiva a lingua castelá para as súas comunicacións formais e informais, sexa cal for o interlocutor. É dicir, son monolingües en castelán, mais nestes últimos cursos hai alumnado que fala galego.

Percibimos unha moi boa actitude, como dicíamos, do alumnado estranxeiro cara á nosa lingua, co cal pretendemos involucralo nas actividades e que sirvan de exemplo, ademais de axudarlles na integración, así como na aprendizaxe da nosa lingua e no seu uso. Hai un alumno portugués que pode axudar a facer máis visible a irmandade coa nosa lingua.

Ciclos formativos

A procedencia do alumnado dos ciclos formativos, normalmente, é diferente e variada: a propia cidade, a área metropolitana e, en boa parte, doutras zonas da provincia da Coruña. É moi importante desbotar prexuízos no alumnado de Ciclos formativos, porque están amosando algúns, nos últimos cursos, ademais as persoas galegofalantes; se ben é certo que cando o profesorado lles fala en galego contestan en galego.

En xeral

Nesta comunidade educativa observamos un maior uso do galego como lingua de uso oral entre o alumnado de ciclos formativos, como dixemos en cursos anteriores e este de igual xeito, hai algún alumnado galegofalante da ESO. En resumo, observamos que a lingua que ten unha maior presenza no centro é o castelán.

É certo que, en xeral, non se amosan fortes prexuízos e hai unha actitude favorable cara ao galego, mais observamos algúns mesmo das persoas que falan galego. Isto queremos axudar a desbotalo desde o EDLG e durante este curso será un punto moi importante para



ter en conta e traballar co alumnado. Desexamos que se relacione o alumnado que fala galego co que non o fai, como exemplo, para desbotar prexuízos e coidar a nosa lingua.

6. ACTIVIDADES. Actividades que se van desenvolver de dinamización lingüística durante o curso

O EDLG intenta colaborar con todas as actividades que poidan realizarse integrando, na medida do posible, e, dependendo da actividade, a todo o centro: alumnado e profesorado, persoal non docente, asociacións que colaboran co centro (Arquitectura sen fronteiras, ANPA ...). Asemade pretendemos integrar nas actividades a todo o alumnado e o persoal. Realizaremos e finalizaremos as actividades plurianuais que comezamos, nalgún caso, hai catro cursos, e, levaremos a cabo actividades en colaboración con todos os departamentos que sexan posibles. Ademais intentaremos colaborar na festividade do 50 aniversario do centro.

Cómpre dicir que continuamos este curso coa páxina web do EDLG actualizada e contamos co enderezo electrónico do EDLG creados desde hai dous cursos, seguen en funcionamento activo:

-PÁXINA WEB: [#ZALALINGUA](#). Agarimando a lingua en Zalaeta.

[#ZALALINGUA... \(google.com\)](#)

Enlace:<https://sites.google.com/zalaeta.gal/zalalingua/inicio?authuser=1>

-ENDEREZO ELECTRÓNICO: edlg@zalaeta.gal

6.1. Introducción

Actividades deste curso 2022-2023

Algunhas actividades son de carácter plurianual como se indica no cadro de actividades, queremos darlles pulo este curso aos Recreos creativos.

- a) Ademais das actividades propostas no calendario de conmemoracións deste curso escolar teranse en conta dúas vías, sobre todo contando sempre coa situación sanitaria:



- Actividades de lecer e didácticas: Recreos creativos (co alumnado no segundo recreo do luns e no primeiro do venres), ...
 - Actividades de consumo responsable e conservación do medio natural e colaboración e concienciación. Uso de material reciclable, aforro de medios... Recreos creativos ...
- b) Actividades plurianuais ou outras realizadas no curso anterior, seguimento daquelas que se poidan levar a cabo, como a de concursos de lemas, #zalacancelo, Roteiro da muller na cidade da Coruña.
- c) Conmemoracións anuais.

Engadimos o cadro de actividades complementarias previstas para este curso 2022-2023:



6.2. CADRO DE ACTIVIDADES

EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA (EDLG)

ACTIVIDADE	DEPARTAMENTO	TRIMESTRE	LUGAR DE REALIZACIÓN	GRUPO	OBXECTIVO ...
					E MEDIDA
0. Charla con Iria Veiga	EDLG	1º	Centro	4º ESO	
1. Concurso #Zalacancelo (Plurianual)	EDLG	1º	Centro, redes sociais do centro.	Todo o curso de centro (ANPA exerceu xurado)	1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9 10, 11, 12, 13, 16, 18, 19, 20, 22,25. a., c., e.
2. Actividade de Lecturas compartidas con outros centros.	Biblioteca-EDLG-Filosofía	Todo o curso	Centro e AULA A-B	Alumnado do EDLG e dos Recreos creativos da aula A-B	1, 2, 3, 4, 5,



3. Actividades de Nadal	EDLG	1º	Centro, AULA A-B	Alumnad o do EDLG e dos Recreos creativos da aula A- B	1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9 10, 11, 12, 13, 16, 18, 19, 20, 22,25. a., c., e.
4. Día de Rosalía (Plurianual)	EDLG	2º	Centro, aula a-b	Alumnad o do EDLG e dos Recreos creativos da aula A- B	1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9 10, 11, 12, 13, 14, 15, 16, 17,18, 19, 20, 21, 22, 23, 24, 25. a., b., c., d., e.
5. Día da Poesía (Plurianual)	EDLG	3º	Centro, aula A-B	Por determin ar	1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9 10, 11, 12, 13, 14, 15, 16, 17,18, 19, 20, 21, 22, 23, 24, 25. a., b., c., d., e.
6. Día do libro (Plurianual)	EDLG	3º	Centro, aulaA-B	Por determin ar	1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9 10, 11, 12, 13,
7. Día da muller e a nena na ciencia.	Club de ciencia, EDLG.	2º	Centro, aula, Aula A-B	Varios grupos	14, 15, 16, 17,18, 19, 20, 21, 22, 23, 24, 25. a., b., c., d., e.
8. Día das Letras Galegas (Plurianual)	EDLG	3º	Centro	Por determinar	1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9 10, 11, 12, 13, 14, 15, 16, 17,18, 19, 20, 21, 22, 23, 24, 25. a., b., c., d., e.



9.Charlas AELG	Departamento de Lingua e literatura Galega- EDLG.	Ao longo do curso	Centro, aula A-B	Por determinar	1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9 10, 11, 12, 13, 14, 15, 16, 17,18, 19, 20, 21, 22, 23, 24, 25. a., b., c., e.
10. Roteiro da muller na cidade da Coruña (Plurianual)	EDLG e Club de Ciencia, Orientación, Plástica.	Ao longo do curso	Centro, na aula, contorna do centro	3º ESO	1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9 10, 11, 12, 13, 14, 15, 16, 17,18, 19, 20, 21, 22, 23, 24, 25. a., b., c., e.
11.Roteiro galego	EDLG e Departamento de Lingua e literatura galega	Ao longo do curso	Centro, aula	Varios	1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9 10, 11, 12, 13, 14, 15, 16, 17,18, 19, 20, 21, 22, 23, 24, 25. a., b., c., e.
12. Recreos creativos (Plurianual) Actividades de Samaín, 25N, magosto, xogos de lecer, concursos ...	EDLG	2º e 3º	Centro, recreos, aula A-B	Todo o alumnado e alumnado do EDLG	1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9 10, 11, 12, 13, 14, 15, 16, 17,18, 19, 20, 22, 25. a., c., e.
13. Corrección dos textos do alumnado de traballos de Xeografía e Historia para exposición Museo de Belas Artes	EDLG-Xeografía e Historia	1º e curso	Centro	Centro	1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9 10, 11, 12, 13, 14, 15, 16, 17,18, 19, 20, 22, 25. a., c., e.
14. Actividades co grupo Somos Cores (LGTBI) do centro.	EDLG-Somos cores (LGTBI)	Durante o curso	Centro	Centro	14, 15, 16, 17,18, 19, 20, 21, 22, 23, 24, 25. a., b., c., d., e.



<p>15. Actividade de continuidade con Estíbaliz Espinosa</p>	<p>EDLG</p>	<p>1º</p>	<p>Centro</p>	<p>2º Bacharelato</p>	<p>1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9 10, 11, 12, 13, 14, 15, 16, 17,18, 19, 20, 22, 25. a., c., e.</p>
<p>16. Envío de cartas ás residencias da terceira idade da cidade na liña do que viñamos elaborando en cursos anteriores para o Nadal.</p>	<p>EDLG</p>	<p>2º-3º</p>	<p>Centro</p>	<p>2º ESO</p>	<p>1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9 10, 11, 12, 13, 16, 18, 19, 20, 22,25. a., c., e.</p>



17. Intercambio de cartas cos CEIP Valdoviño, IES Agra de Raíces	EDLG	2º e 3º	Centro	Varios	1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9 10, 11, 12, 13, 14, 15, 16, 17,18, 19, 20, 22, 25. a., c., e.
17. Actividades coa Biblioteca de Monte Alto (charla de documentalista, visita á Biblioteca, actividades relacionadas co centro 50 aniversario e con Isabel Zandal, busca de información ...)	EDLG- Biblioteca- Departamento de Filosofía	Todo o curso	Centro e Biblioteca	Alumnado do EDLG	1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9 10, 11, 12, 13, 14, 15, 16, 17,18, 19, 20, 22, 25. a., c., e.



6.3. DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES

O desenvolvemento das actividades será o seguinte:

No primeiro trimestre realizamos as seguintes actividades: Charla con Iria Veiga, Concurso #Zalacancelo (actividade plurianual, convócase todos os cursos), actividades de Recreos creativos (decoración de Nada, concursos de Portal das palabras, decoración do magosto-outono-inverno na entrada do centro, decoración do Samaín, 25N-textos en cartolinas-...), actividade de saída á Biblioteca de Monte Alto (charla cunha persoa que é documentalista sobre a Casa dos Expósitos da Coruña, situada onde está actualmente o IES Ramón Menéndez Pidal, entre outras.

Recreos creativos

Os luns no segundo recreo e os venres no primeiro recreo realizamos actividades o EDLG, asiste o alumnado do EDLG e outro alumnado do centro. Realizamos actividades relacionadas con conmemoracións, actividades de lecer en galego, manualidades, exposicións... En xaneiro comezamos co Xogo con Bubela, que está a ter éxito.

Actividade de lecturas compartidas con outros centros

Esta actividade levarase a cabo en colaboración coa Biblioteca do centro, co Departamento de Filosofía e coa colaboración coa Biblioteca de Monte Alto.

O alumnado do noso centro lerá textos que teñan que ver coa contorna do centro a alumnado doutros centros da contorna do noso instituto.

Día de Rosalía

O alumnado do noso centro preparará un tríptico que se imprimirá para promocionar a nosa lingua e os textos de Rosalía de Castro. O tríptico levará información sobre a autora e a súa obra para honrala no día que se lle dedica no mes de febreiro. Os trípticos serán entregados, realizando unha breve explicación, polo alumnado en tendas, grandes superficies, librarías, autobuses urbanos, Concello da Coruña e as súas administracións, ... na contorna do noso instituto.

Recital poético

Realizarase seguindo a liña de cursos anteriores, un recital poético introducido polo alumnado do EDLG, este curso.

Día do libro

Realizarase unha actividade en que se buscarán textos relacionados co libro, nos recreos creativos, sobre todo, e serán expostos no centro.

Día da muller e a nena na ciencia e Roteiro da muller n acidade da Coruña

Estas dúas actividades van á par este curso, debido a que este roteiro é unha actividade de carácter plurianual que está previsto que rematemos este curso.



En realidade remataremos o roteiro, con todo o traballo do alumnado da ESO e imprimírase en 3D, co traballo do alumnado do Club de Ciencia e Tecnoloxía. A pretensión é realizar, como indicamos hai 4 cursos, o roteiro a pé. Ademais está pensado realizado para a data do Día da muller e a nena na ciencia pola conmemoración.

Cando o roteiro estea elaborado realizarase a pé, sobre todo a parte de mulleres galegas e cidade vella, que aparecen nesa parte do plano da cidade da Coruña.

A intención é coñecer a representación das mulleres na cidade da Coruña e que alumnado, centro e contorna, ademais da cidadanía saiban sobre elas e a súa obra; partiremos de Isabel Zandal, a figura que representa en grande medida ao noso centro.

[Día das Letras Galegas](#)

Na liña de cursos anteriores realizaremos unha Xincana sobre o autor homenaxeado este curso na que pretendemos involucrar a todo o centro e á contorna, intentarase publicar o resultado da Xincana nuns marcapáxinas que se divulgarán entre as persoas que pasen por diante do centro (coa finalidade de facer chegar á contorna a figura de Francisco Fernández del Riego) nun recreo da semana das Letras Galegas nun acto final de Letras Galegas co alumnado e profesorado do EDLG, diante do centro.

[Actividade de continuidade con Estíbaliz Espinosa](#)

En 2º de Bacharelato continuaremos e remataremos este curso a actividade de Estíbaliz Espinosa prevista no mes de marzo. Realizaron poemas o curso pasado que se prepararon para a sonda NASA, nunha das sesión traballárase con estes poemas e na seguinte haberá unha actividade de conxunto para todos os grupos de 2º de Bacharelato sobre poesía e ciencia.

[Táboa periódica](#)

Este curso solicitarase licenza ao autor da táboa periódica que traballou o curso pasado desde o Departamento de Física e Química e que o alumnado traduciu ao galego o curso pasado; ademais imprimírase unha copia grande en "foam" (cadro en tea) para expor no corredor do centro e que o alumnado poida beneficiarse da súa visualización, ademais imprimírase algunha en lona para poder utilizala con facilidade para movela dunha clase a outra.

[Intercambio de cartas con outros centros de ensino secundario con alumnado galego-falante e doutras zonas de Galicia](#)

Intercambiaranse cartas co centro de ensino de Valdoviño e o IES Agra de Raíces, a idea é que o alumnado se relacione en galego con alumnado doutros lugares de Galicia.

[Charlas AELG e Roteiro galego](#)

Actividade que se desenvolverá co Departamento de Lingua e literatura galega.



Envío de cartas ás residencias da terceira idade da cidade da Coruña na liña do que viñamos elaborando en cursos anteriores para o Nadal

Este curso decidimos, que, na liña do traballo realizado en anos anteriores co Concurso de postais de Nadal, enviemos postais durante o curso na 2ª e 3ª avaliación para que, en datas en que igual non reciben tantas cartas as persoas anciáns das residencias da cidade, poidan sentirse máis acompañadas, mesmo pensamos enviarlles algún vídeo con actividades realizadas no centro e/ou de ánimo.

Saídas e colaboración coa Biblioteca de Monte Alto

Durante todo o curso realizaranse actividades e colaboracións coa Biblioteca de Monte Alto, é unha actividade na que participa o EDLG, a Biblioteca do noso instituto e o Departamento de Filosofía (Olga Aguiar). Na primeira avaliación o alumnado do EDLG asistiu a unha charla cunha persoa que é documentalista sobre a Casa de Expósitos da Coruña, antiguamente no edificio en que hoxe está instalado o noso centro de ensino. Realizaranse á Biblioteca ao longo do curso co equipo do EDLG.

LOGO DO EDLG

Este curso queremos promocionar o Logo do EDLG que a finais do curso pasado establecemos a través do logo ganador do concurso correspondente. Queremos realizar unha impresión do logo en grande para visibilizar as actividades do EDLG e identificalas. Igualmente queremos realizar unas tarxetas identificativas para todas as persoas que forman parte do equipo e imprimilo nalgunha prenda identificativa como chubasqueiros para o alumnado e bolsas para o profesorado e persoal non laboral. Igualmente imprimiranse 1000 marcapáxinas para entregar en todo o centro e 50 chapas para o persoal e alumnado do EDLG.

Actividades con Somos cores (LGTBI) do centro e corrección de textos exposición en Belas Artes

Realizaranse durante o curso actividades co grupo Somos cores (LGTBI) do centro.

Realizou o EDLG a corrección dos textos do alumnado de Bacharelato que serán expostos, en relación ao Museo de Belas Artes da Coruña.

A Coruña, 20 de xaneiro de 2023

Asdo.:

A coordinadora do EDLG

Visto e prace da Directora do centro

María Josefa Castro López

Estrella Pérez Freire